

Expediente núm.: 655/2024

ACTA DA APERTURA DO SOBRE ÚNICO

“CONTRATO DE SERVIZOS. SERVIZOS DE LIMPEZA URBANA DE REFORZO DURANTE O ANO 2024 NO CONCELLO DE RIBADEO”

Sesión a distancia por videoconferencia en acto público no Salón de Plenos do Concello de Ribadeo, reunidos ás 10:09 horas do día 13 de marzo de 2023, os membros da Mesa, estando a Concelleira de Recursos Humanos, Seguridade e atención cidadá Montserrat Seijo Díaz, Presidenta da mesa, o Secretario municipal D. Jose Antonio Carro Asorey (en acumulación) a Interventora municipal Dna. María Cristina Gonzalez Santin (en acumulación), D. José Rodil Veiga Técnico de Admón Xeral así como a Técnica de Xestión Dna. María Pérez Mon que actúa como Secretaria dando fe do acto, para os efectos de analizar as proposicións presentadas no expediente mencionado no encabezado.

Procédese a apertura dos sobres electrónicos únicos, que conteñen a documentación administrativa e a proposta ou oferta que se formulan polas entidades admitidas a este procedemento de contratación correspondentes aos criterios de adxudicación determinados no prego de cláusulas administrativas particulares, sendo as proposicións presentadas as seguintes:

LICITADOR	CIF	DATA DE REXISTRO
FCC MEDIO AMBIENTE,S.A.U.	A28541639	08/03/2024
ASCAN SERVIZOS URBANOS, S.L.	B39866199	10/03/2024

Tras a apertura dos sobres únicos a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Determinar que a documentación administrativa presentada polas entidades mencionadas anteriormente é correcta e en consecuencia admitir a estas empresas a este procedemento de contratación segundo o establecido no artigo 159.4 a) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

A ofertas contidas no sobre único (criterios avaliados automaticamente) deben avaliarse conforme aos criterios de adxudicación determinados nos pregos de cláusulas administrativas. Procédese a apertura das sobres observando o seguinte:

LICITADOR	PREZO	IVE	TOTAL	INCREMENTO DE HORAS DE TRATAMENTO DE AUGA
-----------	-------	-----	-------	---



FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U	122.960,00 €	12.296,00 €	135.256,00 €	200 HORAS
ASCAN SERVICIOS URBANOS	126.917,51 €	12.691,75	139.609,26 €	200 HORAS

Procedese a comprobar se algunha das proposicións considerase anormal ou desproporcional, dando lugar a que ningunha empresa pode ter a consideración de conter valores anormais ou desproporcionados.

A Mesa de Contratación de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas e o artigo 149 da LCSP, por unanimidade, ACORDA

Primeiro.- Asignar as puntuacións seguintes ás entidades admitidas a este procedemento cuxas ofertas non foron rexeitadas: seguinte oferta:

LICITADOR	PREZO	IVE	TOTAL	PUNTUACIÓN	INCREMENTO DE HORAS DE TRATAMIENTO DE AUGA	PUNTUACIÓN
FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U	122.960,00 €	12.296,00 €	135.256,00 €	90 PUNTOS	200 HORAS	10 PUNTOS
ASCAN SERVICIOS URBANOS	126.917,51 €	12.691,75 €	139.609,26 €	39,13 PUNTOS	200 HORAS	10 PUNTOS

Segundo.- Propor a adxudicación do contrato relativo ao expediente de contratación mencionado na cabeceira desta acta, á entidade que de seguido se relaciona, por ser a oferta económica máis vantaxosa:

LICITADOR	PREZO	IVE	TOTAL	INCREMENTO DE HORAS DE TRATAMIENTO DE AUGA
FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U	122.960,00 €	12.296,00 €	135.256,00 €	200 HORAS

Terceiro .- Compróbase que **FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.** esta inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores de Galicia e esta ao corrente coas obrigas tributarias da Comunidade Autónoma de Galicia, coas obrigas tributarias do Estado e coas obrigas da Seguridade Social.

Únese ao expediente toda a documentación Presentada.

Dáse por rematado o acto ás 10:22 Horas, estendéndose a presente acta do que eu Secretaria dou fe.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

